

REGRAS XERAIS

O rexistro do filme ou serie participante no festival ten a validez dunha declaración xurada, dando por feito que a empresa PRODUTORA ou REPRESENTANTE da obra concursante ten os dereitos legais da mesma. Do mesmo xeito, constará o recoñecemento e aceptación do presente regulamento.

Idiomas: acéptanse obras en calquera idioma. No caso de ser un idioma diferente o *galego*, *castelán* ou *portugués*, deberán presentar una copia con subtítulos nalgún dos idiomas anteriormente citados.

Os produtores das obras seleccionadas ceden os seus dereitos para a proxección nas salas de exhibición do JBF durante as xornadas do 29, 30 e 31 de agosto do 2024 e para a III Mostra de Cine de Marín (datas aínda non concertadas) e a posible inclusión dos trailer ou teaser en videos promocionais do festival.

A selección oficial dunha obra participante por parte dos membros do xurado calificador non garante a súa exhibición por parte do comité organizador do JBF, pero si será tida en conta por dito comité a valoración do xurado no momento de seleccionar os filmes e series que formarán parte do programa das salas de proxección do festival.

Ó inscribir a túa obra no JBF, concedes á organización do festival os dereitos para usar capturas de pantalla, materiais de prensa e imaxes fixas ou breves fragmentos de vídeo da obra nos nosos anuncios, materiais de prensa, programas do festival, sitio web e redes sociais.

JBF comprométese a pagar ou bonificar polos dereitos de exhibición das obras seleccionadas pola organización para a súa inclusión no programa oficial de proxeccións. A cantidade ou bonificación será a convir por ambas partes; Festival e PRODUCTORA/CREADORES propietaria dos dereitos.

Calquera dúbida sobre as REGRAS do JBF serán contestadas a través do email: johnbalanfest.info@gmail.com

Ó enviar a túa solicitude a JBF, recoñeces que tes 18 anos ou máis.

O incumprimento das directrices, regras, regulamentos ou requisitos do JBF pode ser motivo de descalificación e provocar que a súa obra sexa eliminada do concurso.

*JBF pode modificar estas regras e termos. Todas e cada unha das enmiendas entrarán en vigor de maneira inmediata, sempre en beneficio do bo desenvolvemento do propio festival e sen perxudicar ás producións participantes. En todo caso, calquera cambio significativo será comunicado por parte da organización ós participantes.

LONGAMETRAXES:

Bases para os filmes de longametraxe

As longametraxes inscritas poderán participar nas seguintes seccións oficiais:

- ✦ FILMES ATLÁNTICOS (Filmes galegos e de países con fortes lazos culturais e históricos con Galicia)
- ✦ OUTRAS MIRADAS (Filmes de países sen unha relación cultural directa con Galicia)
- ✦ CINEMA XOVE (Filmes creados desde escolas de cinema ou universidades galegas e de países con fortes lazos culturais e históricos con Galicia)

Poderán participar longametraxes producidas a partir do **1 de xaneiro do 2021** de **calquera nacionalidade**.

- Ficción: \geq 60 min.
- Documental: \geq 60 min.
- Experimental: \geq 60 min.
- Animación: \geq 60 min.

SELECCIÓNS: o comité seleccionador do JBF elixirá **5 longametraxes** que serán proxectadas nas salas de exhibición habilitadas dentro do Concello de Marín, previo acordo coa PRODUCTORA/CREAODRES propietaria dos dereitos.

*Do mesmo xeito, serán avaliadas para as nosas seccións paralelas e actividades como a III Mostra de Cine de Marín.

CURTAMETRAXES:

As curtametraxes inscritas optan ás seguintes seccións oficiais:

- ✦ FILMES ATLÁNTICOS (Filmes galegos e de países con fortes lazos culturais e históricos con Galicia)
- ✦ OUTRAS MIRADAS (Filmes de países sen unha relación cultural directa con Galicia)
- ✦ CINEMA XOVE (Filmes creados desde escolas de cinema ou universidades galegas e de países con fortes lazos culturais e históricos con Galicia)

Poderán participar obras producidas a partir do **1 de xaneiro do 2021** de **calquera nacionalidade**.

- Ficción: máx. 30 minutos.
- Documental: máx. 45 min.

- Experimental: máx. 30 minutos.
- Animación: máx. 30 minutos.

SELECCIÓN: o comité de selección do JBF elixirá **10 curtametraxes** que serán proxectadas nas salas de exhibición habilitadas no Concello de Marín e Parroquia de Seixo previo acordo coa PRODUCTORA/CREADORA propietaria dos dereitos.

*Do mesmo xeito, serán avaliadas para as nosas seccións paralelas e actividades como a III Mostra de Cine de Marín.

SERIES WEB:

SELECCIÓN: o comité seleccionador do JBF elixirá **5 series web** que serán proxectadas nas salas de exhibición no Concello de Marín e as súas parroquias previo acordo coa PRODUCTORA/CREADORA propietaria dos dereitos.

As series web inscritas optan ás seguintes seccións oficiais:

- ✦ NOVOS MEDIOS (Series Web, en especial pero non excluínte, de produción galega e de países con fortes lazos culturais e históricos con Galicia).

Poderán participar obras producidas a partir do **1 de xaneiro do 2021** de **calquera nacionalidade**.

- Ficción: máx. 35 minutos.
- Documentales: máx. 35 min.
- Experimental: máx. 35 min.
- Animación: máx. 35 min.

*Do mesmo xeito, serán avaliadas para as nosas seccións paralelas e actividades como a III Mostra de Cine de Marín.

FORMA DE ENTREGA

Para proxección presencial

- DCP en idioma orixinal con subtítulos en galego, castelán, portugués ou inglés para idiomas diferentes a estes.
- Para respaldo: Blu Ray ou arquivo formato H.264, codificado a 10-20 Mbps. Seleccionar a opción “High Profile” en lugar de “Main Profile”, na configuración do arquivo H.264, cando se exporte o vídeo.

Para proxección virtual

- Arquivo en formato H.264, codificado a 10-20 Mbps. Seleccionar a opción “High Profile” no lugar de “Main Profile”, na configuración do arquivo H.264, cando sexa exportado o video.
- Stereo ou ProLogicII codificación 5.1 (LtRt). Incluir só un single stereo track ou mono track pair. Non incluír mixes/tracks adicionais.
- Resolución de 1920x1080
- 23.98 o 29.97 progressive
- O arquivo debe pesar como máximo 10GB.
- Subtítulos insertos no video, se o idioma orixinal fora outro diferente do galego, castelán ou portugués. Formato: WebVTT • Máis información: <https://www.w3.org/TR/webvtt1/>

*Para outros formatos, por favor, consultar á organización a través do email johnbalanfest.info@gmail.com

SOBRE O XURADO

O xurado estará conformado por referentes do ámbito da creación e a comunicación locais, e poderán tamén formar parte do mesmo, representates doutras comunidades creativas afíns ó festival.

JBF velará pola imparcialidade e independencia do equipo de xurados, así como o cumprimento do reglamento en canto á selección de obras para a rolda clasificatoria.

JBF entregará a cada membro do equipo de xurados unha rúbrica para deixar constancia das puntaxes, que en todo caso serán confidenciais entre o propio xurado.

PREMIOS

Estatuíña: *mellor longametraxe, mellor curtametraxe, mellor serie web e mellor dirección, premio especial talento emerxente, premio especial John Balan, mellor interpretación e premio do público.*

200 € - Premio en metálico para a *mellor realización*

- | | |
|---------------------------------------|--------------------------------|
| • MELLOR LONGA | • MELLOR DIRECCIÓN |
| • MELLOR CURTA | • MELLOR INTERPRETACIÓN |
| • MELLOR SERIE WEB | • PREMIO DO PÚBLICO |
| • PREMIO ESPECIAL – Talengo Emerxente | • PREMIO ESPECIAL – John Balan |

Asignaranse 2 **mencións especiais** entre todas a producións da selección oficial do festival.

O importe do premio en metálico farase efectivo dentro dos 30 días seguintes á designación da conta bancaria na que os premiados desexen recibir o importe que lle corresponda.

En cualquiera das posibilidades anteriores, a produtora ou creadores donos dos dereitos da obra premiada comprométese a incluír o logo ou loureiro e a mención do premio recibido nalgún do seus canais de difusión públicos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A concesión dos premios das diferentes categorías e seccións farase tendo en conta aspectos técnicos e artísticos propios dunha obra cinematográfica:

- Guion
- Dirección
- Montaxe
- Ritmo
- Tempo narrativo
- Fotografía e Arte
- Interpretación actoral
- Producción
- Orixinalidade e innovación

PRAZO DE RECEPCIÓN

Ás **23.59 pm** do día **5 de agosto** do 2024.

A inscrición e envío das obras a presentar débese facer de maneira online a través do perfil do festival nas seguintes plataformas especializadas:

<https://festhome.com/festival/jbf>

<https://festival.movibeta.com/festivals/1572>

<https://filmfreeway.com/johnbalanfest-marin>

Calquera dúbida sobre as REGRAS do JBF serán contestadas a través do email: johnbalanfest.info@gmail.com

Grazas por participar e moita sorte!

A Organización do JBF

Filmes Atlánticos e Novos Medios – John Balan Fest

 **MARÍN DE CINE**
Club Audiovisual

